

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “**Común**” entre os números **C1** e **C12**, da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS” no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. As retribucións complementarias do persoal estatutario, segundo o Estatuto Marco, poderán ser:

- A) O soldo asignado á categoría en función do título esixido para o desempeño e os trienios
- B) Só o complemento de destino e complemento específico, o resto son retribucións básicas
- C) Só o complemento de produtividade e complemento de atención continuada, o resto son retribucións básicas
- D) O complemento de destino, o complemento específico, o complemento de produtividade, o complemento de atención continuada e o complemento de carreira

2. Das seguintes afirmacións sobre o Servizo Galego de Saúde, sinala cal é verdadeira, dacordo ao establecido na Lei de Saúde de Galicia:

- A) O Servizo Galego de Saúde é unha empresa pública
- B) O Servizo Galego de Saúde foi creado por Lei 1/1989
- C) O Servizo Galego de Saúde non téñe personalidade xurídica propia, xa que depende da Consellería de Sanidade
- D) O Servizo Galego de Saúde non está adscrito á Consellería de Sanidade, xa que é independente

3. Segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, están obrigados a gardar segredo, respecto dos datos de carácter persoal:

- A) O responsable e, no seu caso, o encargado
- B) O responsable do ficheiro e quen interveña en calquera fase do seu tratamento
- C) O responsable ou persoa en quen delegue
- D) O encargado do tratamento dos datos

4. Segundo o definido no Estatuto de Autonomía de Galicia, con respecto ao seu Parlamento, sinala a opción incorrecta:

- A) O Parlamento non fixará o seu propio orzamento
- B) O Parlamento elixe entre os seus membros un Presidente, a Mesa e unha Diputación permanente
- C) O Parlamento funciona en Plenos e Comisións
- D) O Parlamento reunirase en sesións ordinarias e extraordinarias

5. Atendendo ao establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal das seguintes opcións é falsa, con respecto ao reingreso ao servizo activo:

- A) Se o persoal está en situación distinta á de activo, o reingreso con carácter definitivo, pode producirse en calquera área do Servizo Galego de Saúde, aínda que haxa prazas vacantes dispoñibles na área sanitaria de orixe
- B) O reingreso ao servizo activo do persoal que non teña reserva de praza efectuarase mediante participación no concurso de traslados
- C) O reingreso só pode producirse nunha praza que poida ser ofertada nun concurso de traslados
- D) Nun proceso de concurso de traslados, o reingresado provisionalmente debe solicitar todas as prazas convocadas na área de saúde na que está reingresado

6. Segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, co fin de facilitar a promoción profesional das empregadas públicas e o seu acceso a postos directivos da Administración Xeral do Estado e nos organismos públicos vinculados ou dependentes dela, nas convocatorias dos correspondentes cursos de formación, reservarase unha porcentaxe das prazas para a súa adxudicación a aquelas que reúnan os requisitos. Sinale qué porcentaxe mínimo se debe reservar, atendendo á Lei:

- A) 20 por cen
- B) 30 por cen
- C) 40 por cen
- D) 50 por cen

7. Segundo o establecido na Constitución Española, un dos seguintes non é un principio reitor da política social e económica:

- A) A protección social, económica e xurídica da familia
- B) A promoción da ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interés xeral por parte dos poderes públicos
- C) A promoción das condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural por parte dos poderes públicos
- D) A realización do gasto público dunha asignación equitativa dos recursos públicos

8. O persoal estatutario téñ unha serie de dereitos e deberes recollidos no Capítulo IV do Estatuto Marco. Dos seguintes, sinale cal non é un deber recollido en dito Estatuto:

- A) Deber de cumprir o réxime sobre incompatibilidades
- B) Deber de ser identificados polo seu nome e categoría profesional polos usuarios do Sistema Nacional de Saúde
- C) Deber de recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, así coma sobre riscos xerais no centro sanitario ou derivados do traballo habitual, e á información e formación específica nesta materia
- D) Deber de manter debidamente actualizados os coñecementos e aptitudes necesarios para o correcto exercicio da profesión ou para o desenvolvemento das funcións que correspondan ao seu nomeamento, a cuxo fin os centros sanitarios facilitarán o desenvolvemento de actividades de formación continuada

9. Segundo o establecido na Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, as historias clínicas son documentos confidenciais propiedade de:

- A) Os propios pacientes
- B) Os propios pacientes e os seus familiares
- C) O persoal facultativo que atenda ao paciente
- D) A Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario

10. Segundo a Lei Xeral de Sanidade, os cidadáns teñen unha serie de obrigacións coas institucións e organismos do sistema sanitario. Das seguintes, sinale cal é unha destas obrigacións:

- A) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias
- B) Confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estadía nas institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público
- C) Utilización de vías de reclamación e de proposta de suxerencias nos prazos previstos
- D) Elección de médico e demais sanitarios titulados

1. Das seguintes opcións, sinala cuál é un sistema de selección, segundo o establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Reingreso provisional ao servizo activo
- B) Mobilidade
- C) Concurso–oposición
- D) Promoción interna

2. Das seguintes afirmacións indique cuál é incorrecta, dacordo ao establecido na Lei de Saúde de Galicia, sobre a Dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) A Dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia corresponde ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade
- B) A Dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia corresponde á Consellería de Sanidade
- C) O Consello da Xunta de Galicia pode ter competencias atribuídas en materia de sanidade
- D) Unha das principais funcións estratéxicas, englobadas na Dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, é a delimitación dos dispositivos de medios de titularidade pública ou adscritos ao sistema, segundo as necesidades de saúde da poboación